

XUSTIFICACIÓN:

Este documento ten coma finalidade dar a coñecer ao alumnado e a comunidade educativa en xeral a información básica relativa a Programación Didáctica dos distintos Ciclos para o CURSO2010-2011, en cumprimento da lexislación vixente:

- Decreto 7/1999 que regula o funcionamento dos Centros Públicos Integrados artigo 24.g
- Orde do 15 de xuño do 2009, artigo 9 punto 4

INDICE:

ÁREAS	PAX.
Coñecemento do Medio	
Educación Artística	
Educación Física	
Lingua Castelá e Literatura	
Lingua Galega e Literatura	+++
Matemáticas	
Lingua Estranxeira-Inglés	
Relixión Católica	
Atención Educativa	
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos	

RESUME DA PROGRAMACIÓN

CURSO 2009/2010


LINGUA GALEGA DE 5º DE PRIMARIA

1.-CONTIDOS

1.1 Primeira avaliación

- As presentacións, o dicionario, a linguaxe e as linguas, o seseo e a gheada
- O ritmo poético, os sinónimos, frase e oración, sílabas tónicas e átonas
- A noticia periodística, os antónimos, clases de palabras, o acento gráfico
- A tarxeta postal, a carta, as SMS e o correo electrónico, palabras polisémicas e monosémicas, clases de substantivos, o ditongo e o hiato
- A ficha bibliográfica, palabras homógrafas e homófonas, o xénero e o número, o acento diacrítico dos substantivos

DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:

-  Farase unha proba por cada unidade didáctica ó longo da avaliación


MÍNIMOS ESIXIBLES

- Utilizar o dicionario.
- Identificar o galego no conxunto das linguas románicas.
- Expresarse de forma adecuada, segundo se manexe a lingua oral ou a escrita.
- Recoñecer as características propias da poesía, fronte a outro tipo de textos.
- Identificar sinónimos de palabras dadas.
- Distinguir o suxeito e o predicado dunha oración.
- Recoñecer as sílabas que forman unha palabra e clasificar palabras segundo o número de sílabas.
- Identificar a sílaba tónica das palabras e o acento gráfico.
- Recoñecer antónimos de palabras dadas.
- Identificar as diferentes clases de palabras.
- Saber acentuar graficamente as palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- Recoñecer os distintos significados de palabras polisémicas.
- Identificar as distintas clases de substantivos.
- Diferenciar entre ditongos e hiatos e clasificar os ditongos.
- Elaborar a ficha bibliográfica dun libro.
- Identificar palabras homónimas.
- Coñecer e utilizar algunhas regras de formación do feminino e do plural dos nomes.
- Usar o til diacrítico e discriminar os significados de palabras con til diacrítico e sen el.

1.2 Segunda avaliación

- A rima e a metáfora. Lexemas e morfemas. O artigo. O punto e as maiúsculas
- Narrador en 1.^a e en 3.^a persoa. Prefixos. Determinantes demostrativos e posesivos. A coma e o punto e coma.
- A estrutura do conto. Sufixos. Os determinantes numerais e indefinidos. O guión e o *nh*.
- A estrutura do conto (o nó). Palabras primitivas e derivadas. Os graos do adxectivo. Palabras con *b*.
- A estrutura do conto (o desenlace). Xentilicios. As formas tónicas do pronome persoal. Palabras con *v*.

DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS

-  Farase unha proba por cada unidade didáctica ó longo da avaliación

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Identificar a estrutura morfolóxica das palabras.
- Distinguir os artigos
- Usar correctamente o punto e as maiúsculas.
- Recoñecer a persoa en que está narrado un relato.
- Formar palabras novas mediante prefixos.
- Identificar e clasificar as formas dos determinantes
- Empregar correctamente a coma e o punto e coma.
- Identificar as partes dun conto.
- Identificar os sufixos, saber que información achegan e crear palabras novas con eles.
- Aplicar as normas de uso do guión e partir correctamente palabras a final de liña.
- Formar palabras derivadas.
- Identificar os graos do adxectivo.
- Escribir correctamente palabras con *b*.
- Formar xentilicios a partir duns topónimos dados.
- Escribir correctamente palabras con *v*.

1.2 Terceira avaliación

- Descrición de lugares. Palabras compostas. As formas átonas do pronome persoal. Palabras con *x*
- A repetición e a anáfora. Familia léxica. O verbo (morfoloxía das formas verbais e conxugacións. Palabras con *h*.
- O retrato. Castelanismos. O verbo (o modo e os paradigmas verbais). Palabras con *ll* e con *i*.
- Notas, anuncios, avisos, comunicacións... Parónimos e falsos amigos. O adverbio. Os grupos cultos *pt*, *pc* e *b* + consoante.
- As anotacións teatrais. Campo semántico. As preposicións. Os sufixos *-nza* e *-ncia*.

✚ DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:

- ✚ Farase unha proba por cada unidade didáctica ó longo da avaliación

✚ MÍNIMOS ESIXIBLES

- Saber describir ambientes.
- Identificar e formar palabras compostas.
- Identificar as formas dos pronomes persoais
- Escribir correctamente palabras con *x*.
- Clasificar verbos segundo a conxugación.
- Escribir correctamente palabras con *h*.
- Facer a descrición dunha persoa.
- Identificar castelanismos comúns e a forma correcta galega que corresponde.
- Escribir correctamente palabras con *ll* e con *i*.
- Saber redactar un aviso.
- Identificar adverbios.
- Usar correctamente os grupos *pt*, *pc* e *b + consoante*.
- Recoñecer un texto teatral fronte a outros textos.
- Agrupar palabras en campos semánticos.
- Identificar as preposicións
- Usar con corrección palabras cos sufixos *-nza* e *-ncia*.

2.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE DO ALUMNADO

Para avaliar ó alumnado e para controlar a consecución dos obxectivos xerais establecidos na programación, teremos en conta os seguintes aspectos:

- 2.1.- Chamadas na clase ou probas curtas
- 2.2.- Control periódico do traballo persoal analizando a libreta de clase.
- 2.3.-Grado de participación na clase, expresión oral e comprensión de textos.
- 2.4.- Probas escritas.

3.-NÚMERO E TIPO, DE PROBAS ESCRITAS

O número de probas escritas, será de unha por cada unidade didáctica

As probas consistirán na resolucións de exercicios similares ós realizados nas clases.As cuestións de tipo teórico serán moi sinxelas.

No contido das probas escritas un 60% das mesmas corresponderá ós contidos mínimos da materia establecidos nesta programación.

4.-SISTEMA DE AVALIACIÓN

O sistema de avaliación será continuo, polo que a nota que se transmita no boletín reflectirá a situación académica global do alumno nese momento determinado, i en ningún caso se referirá á valoración do último período.